



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DECRETO DA ALCALDÍA

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2014.

Tendo coñecemento esta alcaldía das renuncias producidas no seo da Corporación municipal e para garantir a tramitación ordinaria dos diversos expedientes administrativos; tendo en conta así mesmo os artigos 14 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como o artigo 124 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e 31 e seguintes do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Santiago de Compostela (BOP 6-3-2012) e ata en tanto non se produza unha nova delegación de competencias, si é o caso,

RESOLVO:

Avocar por esta alcaldía, recuperando as competencias que por min se delegaron ata o momento nos concelleiros: Don José Luís García Bello, Dona Cecilia Sierra Rey e Dona María Amelia González Brandaríz.

Recuperar as competencias delegadas por esta alcaldía nos concelleiros: Don Francisco Javier Noya Iglesias, Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés, Dona María Castelao Torres, Don Adrián Varela Sarandeses, Dona Rebeca Domínguez Iglesias e Don Juan José de la Fuente Fuentes; que se delegan a súa vez na concelleira Primeira Tenente de Alcalde, Dona Reyes Leis Rodríguez.

Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).

ASDO/ÁNGEL BENITO CURRÁS FERNÁNDEZ

